



Memoria de actividades

CÁTEDRA CRUZ ROJA PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS
MAIORES- USC

ARTURO X. PEREIRO ROZAS (FACULTADE DE PSICOLOXÍA, USC)

Contido

Actividades	2
Mesa redonda “A calidade de vida das persoas maiores en Galicia despois da pandemia. Leccións aprendidas”	2
32 Congreso Internacional da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatria.....	2
Premios	3
I Premio Certame de Curtametraxes	3
I Edición do Premio a traballos Fin de Grao e Fin de Máster	3
Formación	5
Curso de formación específica e a demanda: Maiores e Calidade de Vida. Soidade non desexada en adultos maiores.....	5
Senior Innovation Lab	5
Convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS) da USC.....	6
Estudos.....	7
Deseño universal en persoas maiores do rural: acompañamento social e dixital: Deseño universal 65+	7
Mellora da experiencia de compra e accesibilidade en persoas maiores nos supermercados de proximidade.....	7
Colaboración no proxecto de intervención en soidade non desexada “A boa veciñanza”	7
Outras actividades	8
Anexo. Memoria fotográfica	9

Actividades

Mesa redonda “A calidade de vida das persoas maiores en Galicia despois da pandemia. Leccións aprendidas”

A mesa redonda realizouse o xoves 5 de Maio de 2022 ás 9:30 horas no Centro Obra Social ABANCA en Santiago de Compostela (A Coruña).

Na mesa, inaugurada polo Vicerreitor de Transformación dixital e innovación da USC, participaron o Dr. Fidel Martínez Roget, profesor da Facultade de Economía da USC; o Dr. Carlos Dosil Díaz, profesor da Facultade de Psicoloxía da USC e Montserrat Sánchez-Agostino, subdirectora da Cátedra de Cronicidade da USC e coordinadora do proxecto HIGEA.

No acto presentouse ademais o Plan de Actividade e os diferentes proxectos que a Cátedra Cruz Roja USC está a realizar neste ano 2022, para fomentar a investigación e transferencia de coñecemento sobre as persoas maiores en Galicia.

32 Congreso Internacional da Sociedade Galega de Xerontoloxía e Xeriatría

Os días 29 e 30 de Abril, participouse no Congreso Internacional da SGXX de dúas formas. Por unha banda, mediante a participación de persoal adscrito á Cátedra Cruz Roja USC no Comité Organizador.

Por outra, coa presentación do traballo “Impacto da COVID 19 na Calidade de Vida das Persoas Maiores: percepcións no trato recibido polo seu entorno”, en formato póster e en comunicación oral.

A comunicación oral recibiu o Premio á Mellor Comunicación Oral do Congreso Internacional da SGXX.

Premios

I Premio Certame de Curtametraxes

Convocatoria para o curso 2021/2022 do certame “So-idade: Dar voz ás persoas maiores en situación de soidade non desexada”, dirixido a toda a comunidade universitaria da USC.

O Xurado considerou que a obra presentada non alcanza un nivel de calidade adecuado, e declarou deserto tanto o Primeiro coma o Segundo premio.

I Edición do Premio a traballos Fin de Grao e Fin de Máster

Convocatoria para os cursos 2020-2021 e 2021 -2022 co obxectivo de premiar aqueles traballos nos que se estuden ou analicen aspectos da calidade de vida ou do benestar en persoas adultas maiores (p. ex. saúde, economía, relacións e integración social), e que se defendesen ante unha comisión de avaliación e acadaran unha cualificación mínima de 8 puntos.

Aberto á comunidade universitaria española, presentáronse 17 traballos. Tras decisión do xurado dos premios, en reunión do 5 de Decembro de 2022, os premios a Traballo de Final de Grao (TFG) e de Máster (TFM) publicáronse oficialmente no Taboleiro de anuncios da USC.

O xurado estivo presidido polo Vicerreitor de Planificación, Tecnoloxías e Sustentabilidade da USC, Dr. Gumersindo Feijoo, e composto, por parte da USC: Prof. Dr. Onésimo Xuncos, Prof. Dr. Antonio Pose e por parte de Cruz Vermella, Dona Rebeca Vázquez e Dra. Trini de Lorenzo. Tras a decisión do xurando os traballos premiados foron os seguintes:

- Miriam Beltrán García: «Factores e indicadores do traballo sostible en España: perspectiva dos traballadores de máis idade.» (TFM. Curso académico 2020-2021)
- Noemia Veiga Gonçalves: «A música popular galega (MPG) como instrumento de intervención educativa para persoas maiores con Alzheimer. (TFG. Curso académico 2020-2021)

- Esther Veiga García: «Unha intervención psicolóxica multicomponente implementada a través dun videoxogo na promoción do envellecemento activo: un estudo piloto». (TFM. Curso académico 2021 -2022)
- Xeila Crespo Rodríguez: «Revisión e estudo das actitudes dos estudantes de Medicina fronte ás persoas maiores». (TFG. Curso académico 2021 -2022)

Ademais, obtiveron diplomas acreditativos de accésit honorífico as alumnas Sara Prieto Martínez («Indicadores funcionais das alteracións da visión en maiores»), Teresa Millán Omil («Efectos terapéuticos da actividade física na Enfermidade de Alzheimer: unha revisión sistemática») e Sila Salgado López («Condicións favorecedoras da calidade de vida das persoas maiores: unha clasificación das provincias españolas»).

Formación

Curso de formación específica e a demanda: Maiores e Calidade de Vida.

Soidade non desexada en adultos maiores

Desenvolveuse nas instalacións de Cruz Vermella en Santiago de Compostela, os días 8-9 y 15-16 de Xullo de 2022.

Este curso forma parte das actividades programadas pola Cátedra froito da vontade de seguir obtendo e divulgando coñecementos, así como impulsando a investigación no colectivo de persoas maiores e baixo a demanda de formación específica en temas relacionados coa calidade de vida vemos primordial desenrolar este curso sobre soidade non desexada en adultos maiores.

Os obxectivos do curso foron:

- Coñecer e reflexionar dende diferentes perspectivas a temática da soidade non desexada en adultos maiores.
- Coñecer os principais programas para combater a soidade non desexada no ámbito comunitario.
- Coñecer os principais programas para combater a soidade non desexada no ámbito socio-sanitario.

A metodoloxía de formación foi activa-participativa e demostrativo-explicativa. O curso contou con relatores cualificados e de relevancia nacional e internacional no eido da soidade non desexada en persoas maiores e as intervencións actuais en dita problemática.

Senior Innovation Lab

Persoal da Cátedra Cruz Roja USC colaborou no curso de formación que se realizou os días 21, 28 de outubro, 4, 11, 18, 25, 30 de novembro e 2 de decembro de 2022 no Centro de Estudos Avanzados (CEA) da USC. A iniciativa forma parte do proxecto INnoVation and ENTrepreneurship in HEI's (INVENTHEI), do que a USC é parte convidada pola Universidade de Porto, dentro da [EIT HEI Initiative](#).

Senior Innovation Lab é unha experiencia educativa no ámbito das persoas maiores, consistente nunha serie de seminarios presenciais e traballo en liña, que buscou favorecer a adquisición de coñecementos e ferramentas de innovación por parte do alumnado da USC para desenvolver novas solucións aos distintos retos e oportunidades dunha sociedade envellecida. Para o desenvolvemento de solucións innovadoras utilizouse unha aprendizaxe baseada en retos, traballando directamente con entidades do sector (Agadea Alzheimer, Ategal, ARC Os Tilos, DomusVi, Cruz Vermella) en base ás súas necesidades reais, así como metodoloxías *design thinking* e *lean start-up*.

Convocatoria de proxectos de innovación educativa en Aprendizaxe-Servizo (ApS) da USC

Comezáronse as tarefas necesarias para a colaboración no curso académico 2023-2024 nese Proxecto de innovación educativa. A colaboración proporase, inicialmente, nas materias Envellecemento, Desenvolvemento Persoal e Emocional, Avaliación: Intervención Psicosocial e Educativa e Avaliación: Intervención Funcional e Cognitiva do Máster Universitario en Psicoxerontoloxía (USC).

Estudos

Deseño universal en persoas maiores do rural: acompañamento social e dixital: Deseño universal 65+

Presentouse esta proposta á iniciativa #PIA2022 da Fundación COTEC. O obxectivo principal dese proxecto foi realizar un compendio de suxestións e elementos facilitadores que se poderán desenvolver, tanto no software como no hardware, de ferramentas tecnolóxicas empregadas polas persoas maiores para comunicarse de forma dixital, sendo obxectivos secundarios:

A proposta non resultou finalista, pero si pasou á 2ª fase da iniciativa entre os mellores 70 proxectos presentados a nivel nacional.

Mellora da experiencia de compra e accesibilidade en persoas maiores nos supermercados de proximidade

Estudo financiado por Vegalsa-Eroski, o seu obxectivo principal é mellorar a atención e accesibilidade dirixidas ás persoas maiores en áreas comerciais de proximidade, para lograr que ditas áreas de compra sexan contornas amigables para elas.

Os produtos resultantes do estudio serán unha publicación dos resultados do mesmo e unha guía de boas prácticas para a atención a persoas maiores en supermercados, dirixida aos profesionais que traballan en Vegalsa-Eroski.

Actualmente o estudo está en curso, e realizándose as enquisas a unha mostra de poboación representativa de Galicia con 65 e máis anos que compra nos establecementos Eroski Center.

Colaboración no proxecto de intervención en soidade non desexada “A boa veciñanza”

Financiado polo Concello da Coruña, a Cátedra Cruz Roja USC colaborou con Cruz Vermella A Coruña no proxecto de intervención en soidade non desexada “A boa veciñanza”, asesorando ao seu equipo técnico tanto nos instrumentos para a


medición dos resultados da intervención como na posterior análise de resultados e elaboración do informe final.

Outras actividades

Finalizamos o ano 2022 coa aprobación da proposta de marca «Cátedra Cruz Roja USC», por parte do Consello de Goberno da USC.

A nova imaxe pretende reflectir a colaboración entre Cruz Vermella e a USC co obxectivo de mellorar a calidade de vida das persoas maiores a través da investigación, a formación continua e as actividades académicas, principalmente. A proposta aprobada emprega as cores corporativas de ambas as institucións, referenciando ademais ao concepto de investigación mediante a lupa e ao de vida a través do corazón.

Anexo. Memoria fotográfica



Premio a traballos de Grao e fin de Máster

Convocatoria CURSOS 2020/2021 e 2021/2022

PARA A MELLORA DA CALIDADE DE VIDA DAS PERSOAS MAIORES

Dirixido a estudantes da USC

Traballo non premiado con anterioridade

Que estude ou analice aspectos da calidade de vida ou do benestar en persoas adultas maiores

Que se defenda ante comisión de avaliación e acadara cualificación mínima de 8 puntos

Presentación ata 10 Outubro 2022

Premios, por cada curso académico

- ☐ Premio de 300€ para TFG
- ☐ Premio de 500€ para TFM
- ☐ Diploma acreditativo aos traballos coa 2ª mellor puntuación

Máis información:
<https://www.usc.es/ceda/publica/traballo/> ou en <https://ceda@usc.es>



25 plazas disponibles

Organiza:
 Cruz Roja  Cátedra USC Cruz Roja

MAYORES Y CALIDAD DE VIDA: SOLEDAD NO DESEADA EN ADULTOS MAYORES

Curso de Formación Específica USC

Formación impartida en la Asamblea de Cruz Roja en Santiago de Compostela
Viernes 8- Sábado 9 Julio y Viernes 15- Sábado 16 Julio 2022

Más información:
<https://www.usc.gal/es/centros/cep/posgrao/curso.html?curso=4&idc=1075&anoAc=2021-2022>

Admisión hasta el 30 Junio <https://matricula.usc.es/Posgrao/SolicitudEstudiosPropios>

Colaboran:
   

